

## I OBOJECTIVOS

*Scrabble®: o valor de escribir ben* ten como obxectivo xeral convidar aos seus participantes a celebrar o Día do Libro mediante o tradicional xogo de mesa Scrabble®.

Con esta actividade preténdese salientar a importancia da lectura como axente potenciador da boa expresión e escritura, todo iso a través do uso das novas tecnoloxías, o Dicionario e a promoción da lingua galega e castelá.

## II PARTICIPANTES

Poderán participar **todas as persoas maiores de idade interesadas na lectura e nos xogos de mesa.**

## III A DINÁMICA DO XOGO

Durante a **semana do 18 ao 23 de abril de 2017** no Centro Asociado da UNED de Lugo terá lugar unha partida diaria de Scrabble® que será difundida a través das redes sociais para que todos aqueles que o desexen participen de forma virtual ou ben de maneira presencial no propio Centro.

A gramática, a ortografía, o vocabulario e a súa relación permanente coa lectura estarán presentes desde o primeiro momento da partida, así como calquera outro coñecemento adquirido.

A actividade constará de seis partidas en total das cales serán en **lingua galega as do martes, xoves e sábado e en lingua castelá as do mércores, venres e domingo.**

A dinámica diaria consistirá en anotar os puntos obtidos por cada participante para finalmente facer un reconto total o Día do Libro (23 de abril de 2017). Para o devandito cómputo aplicaranse regras de xogo establecidas pola marca Scrabble®.

## IV PARTICIPACIÓN E DIFUSIÓN

Poderán participar todos aqueles que visiten a Biblioteca do Centro Asociado UNED Lugo durante a Semana do Libro, así como os que elixan participar de forma virtual a través da conta Facebook da UNED Lugo: <https://www.facebook.com/lugouned>

Non existen limitacións de participación diaria, admitiranse tantas palabras como sexa capaz o xogador/a de compoñer.

Na partida virtual (Facebook) non se terán en conta para o cómputo final aquelas palabras repetidas que previamente outro participante achegase ao campo "Comentarios".

O Centro Asociado UNED de Lugo divulgará as partidas e puntuacións nas súas redes sociais baixo as etiquetas **#DÍADOLIBRO** e **#DÍADOLIBROSCRABBLE**

## V PREMIO

Entre todos os participantes o luns 24 de abril sortearanse dous premios: un "**Lote de produtos culturais**" e unha "**Experiencia Fluvial**" (2 billetes para os Catamaráns do Río Miño ou Sil). Ambos premios estarán expostos na Biblioteca do Centro Asociado UNED de Lugo e en redes sociais.

## VI PRAZOS PARA PARTICIPAR

O prazo de participación comezará o **martes 18 de abril de 2017 e rematará o domingo 23 de abril de 2017 ás 23:59 horas.**



CONCURSO SCRABBLE®  
O VALOR DE ESCRIBIR BEN



DÍA DO LIBRO  
23 de abril de 2017